

O CASINO

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

Limiar

Nestes días celebramos o 50 aniversario da chegada da luz a Couso, que foi lembrada con diversas actividades organizadas pola Asociación Veciñal A Malladoura de Couso. Neste ano celébranse tamén o 50 aniversario da inauguración da escola, edificio que hoxe fai as funcións de casa cultural de Couso.

O ano que remata non foi moi afortunado en subvencións. En parte, por mor do cambio de goberno, non conseguimos nin un can de subvención. Aínda así, e grazas o traballo dunhas poucas persoas, que voluntariamente adican boa parte do seu tempo libre ás tarefas da Cultural, fóronse organizando tódalas festividadeas tradicionais en Couso, e algunha máis que foi xurdindo.

Mención aparte no que corresponde a subvencións son as axudas a Proxectos Dinamizadores no Rural, da Consellería de Medio Rural que nos foi concedida conxuntamente con entidades de Cans, Picoña e San Xurxo para a realización dun sendeiro que recorre os nosos territorios. Despois de máis dun atranco, e de solicitar unha prórroga, parece que os traballos están encarrilados e o camiño está practicamente feito desde o Confurco ata a Área Recreativa das Conforcadas, en San Xurxo, onde enlaza co Sendeiro das Greas, polo que se pode voltar. A prórroga trouxo algún cambio positivo, como o feito de que se incorporou unha derivación a San Cibrán e, posto que o nome orixinal de Sendeiro da Serra do Faro é moi similar a outro sendeiro xa homologado, modificouse o nome polo de Sendeiro dos Montes de San Cibrán. Tamén se engadiu un panel para o acceso a San Cibrán e outro para diante da nosa Cultural no que se reflicte

información sobre a Casa Cultural (xusto, como dicía, no seu 50 aniversario), o capitel tardorromano e a arquitectura e singularidade de Couso.

Finalmente, queremos facer un chamamento á vosa colaboración para seguir organizando cousas para Couso. Na asemblea anual do próximo 23 de xaneiro tedes oportunidade de cubrir un par de postos da directiva que quedan vacantes por imposibilidade das persoas que actualmente os ocupan de seguir facéndoo.



Neste exemplar:

- 1** Limiar
- 2** Programación trimestral
- 3** O gran invento da luz eléctrica chega ao barrio de Couso (por Pablo Carballido)
- 5** A fábula da abella (por Eva Álvarez Pérez)
- 6** A vida, o bote de maionesa e as pelotas de golf (por Pablo Carballido)
- 8** Actividades realizadas

PROGRAMACIÓN CULTURAL

1º TRIMESTRE 2010


Sementeira do centeo



Hai que sementar para logo recoller

Sábado, 9 de xaneiro, a partir das 9:00 horas

Traballos para rematar o sendeiro



Últimos traballos para rematar o sendeiro desde Cans a San Xurxo, no tramo de Couso

Sábado, 30 de xaneiro, a partir das 9:00 horas

Entroido



Nos esperan concursos de disfraces e charangas

Domingo, 13 de febreiro, en Couso, hora por determinar

Domingo, data e hora por determinar, en Guláns

Festa do Pote



Un ano máis poremos os potes a funcionar para destilar augardente de primeira calidade.

Data a determinar

I. O GRAN INVENTO DA LUZ ELECTRICA CHEGA AO BARRIO DE COUSO

A mediados do século pasado, concretamente o 23 de decembro de 1.959 chegou ao Barrio de Couso a luz eléctrica.

Non foi Couso, das primeiros lugares que contou con este gran invento, pero tampouco foi dos derradeiros. Por exemplo, a vila do Tea (Ponteareas) foi das primeiras poboacións da provincia que contou con electricidade gracias a Antonio Sestelo

En 1.900 escribía López Otero, mestre Pontevedrés:

Entré con el crepusculo en Ponteareas, a la luz de las lámparas incandescentes y recorrí esta villa; queda dicho con esto que aquí está instalado el alumbrado eléctrico.

En Pardellas a 3 Km está la fábrica de alumbrado que utiliza como motor un salto de agua del rio Tea. Buenos sustos ha dado tal instalación, tempestades desencadenó en el pueblo; en noches de tormenta y en los días malos, rehuyendo el peligro cortan la comunicación con la fabrica



¿Quen tivo a idea?

Non se sabe en quen naceu a idea, pero si sabemos que os principais responsables de este feito historico,

foron os que posteriormente formarían a primeira Xunta Directiva do Grupo Sindical de Colonización de Couso – Gulans e que cito a continuación

Presidente: Segundo Bargiela Alonso

Vicepresidente: Florentino Varela Carballido

Secretario: Manuel Boente Bargiela

Vicesecretario: Alberto Groba Carballido

Tesorero: Rufino Bargiela Bargiela

Vicetesorero: Julio Pino Carballido

Vocal: José Groba Bargiela

Vocal: Amante Carballido Groba



Financiamento da instalación e cantidade a pagar por cada un dos abonados

Dende pequeno sempre me chamou a atención como se pudo facer para pagar todo tipo de instalacións que fixeron falta para traer a electricidade ao barrio de Couso. Según parece, os membros da Xunta Directiva entre eles o meu avó , Amante, tiveron que hipotecar o Capital que tiñan para poder pedir un préstamo.

Despois nos recibos que tiña que pagar cada abonado, unha parte era para pagar o consumo de luz, e outra parte para amortizar o préstamo pedido e intereses.

En canto ao que tivo que pagar cada futuro abonado foi nun primeiro momento antes de facer nada 300 pesetas e posteriormente, para instalar a luz 1.000 pesetas. Houbo quen pagou as 300 pesetas iniciais pero como despois non instalou a luz, non as puido recuperar. Eran moitos cartos para os tempos que corrían e houbo persoas que tiveron que

pedir prestadas as mil pesetas para poder instalar a luz na súa casa.



As instalacións

Eran moi sinxelas e rudimentarias, os postes da liña xeral eran de madeira de pau de espiño, os cables eran de cobre espido que a veces se tocaban entre eles e facían que se quedara sin subministro eléctrico. Nas casas as intalacións tamen eran rudimentarias, os cables a vista estaban cravados polas paredes e polo teito, os contadores estaban nas casas e nos palleiros adxacentes.

Nos días de choiva, tronos e vento os cortes de luz eran constantes e nalguns casos produciase o corte do subministro por parte da compañía suministradora tal e como cita López Otero no seu libro *Pontevedra. Recuerdos, monumentos, música y costumbres. Granda 1.900*. Era polo tanto imprescindible botar man a miudo das velas, dos candís de gas ou das lámpadas de aceite e xa máis recentemente do petromás.

Fenosa: a compañía suministradora

No caso do barrio de Couso a Compañía sumistradora non era Sestelo como sucedía practicamente no resto de Ponteareas, senon que era FENOSA

Inicialmente estableceronse contactos coa empresa Sestelo, incluso os postes de madeira que se colocaron finalmente eran da súa propiedade. Sabemos que finalmente non foi Sestelo a compañía encargada de traernos a electricidade o barrio porque según parece ian a tardar uns meses en facelo e era tanta a ilusión e gana de ter luz por parte de todos que non se podía esperar.

O enganche da nosa liña facíase no lugar da Pinca (Cans) nunha liña moi rudimentaria que unía electricamente O Porriño con Ponteareas e que tiña columnas de ferro feitas de anacos de vias do ferrocarril.

Posteriormente coa instalación da canteira de Prebetong en Couso e debido a que a liña de media tensión que nos conducía a electricidade dende a Pinca ao transformador de Couso non lle era suficiente a tal empresa, esta procedeu a instalar unha nova liña dende o punto inicial ata a sucursal de Prebetong, de tal xeito que a nosa liña pasou a conectar na nova liña que a mentada empresa construíra. Pasou a facerse o novo enganche no monte da Cans, preto dos muiños recentemente restaurados. Tamen había preto de aquí, concretamente ao lado do camiño que vai a Chan do Preiro, pero xa na liña de media tensión que vai para Couso, unhas cuchillas coas que mediante unha pértiga se cortaba o subministro eléctrico.



O transformador

É un aparato estático que tranforma a tensión e no noso caso está instalado nunha caseta sita a entrada de Couso vindo dos muiños.

Os materiais para a constucción da mentada caseta, concretamente a pedra para facer a cementación trouxose en carros de vacas dos veciños.

Ao longo destes 50 anos de historia da nosa electricidade este sufriu tres averías importantes. A primeira foi no ano 1.959 o día do estreno, uns quince días antes do 23 de decembro, cando na sua posta en funcionamento se queimou por

estar defectuoso. A outra avería foi pola década dos anos 70 cando estivemos a luz das velas unhas tres semanas, sendo eu un neno. A derradeira foi na década dos anos 90 cando tivemos que traer un xenerador a gasoil para seguiremos tendo electricidade. Este foi instalado na Cancela do Curral e foi "Manolo Sube si Podes" que nolo cedeu ata que se arranxase o transformador.

O traballo dos veciños foi fundamental

Ainda que o electricista encargado de facer o a instalación foi Venancio do Porriño, os veciños tamen fixeron un traballo importante xa que fixeron todo de traballos desde facer buracos, colocar postes etc.



A administración da enerxía

A facían os beneficiarios, mediante a Directiva do Grupo de Colonización. Existía un contador na caseta do transformador que contaba a enerxía total consumida e esta era a que se lle pagaba a Fenosa a un precio por Kw estipulado para as empresas. Os abonados, no recibo correspondente pagaban un precio lixeiramente superior por Kw o que se pagaba a Fenosa co fin de ter fondos e poder facer fronte a posibles averías etc.

Fdo. Pablo Carballido Carballido

A fábula da abella

Cando Deus acabou de crear a todos os animais, antes de ordearlles que se dispersasen polo mundo, contemplounos coa súa mirada clara de bondade e fermosura. A todos lles dera vida; a cada un a forma e as cualidades máis convenientes. Todo era perfección. Pero o Sumo Facedor quixo mostrar aínda a súa inesgotable benevolencia. E díxolles:



Xa tedes todos a vosa figura. A cada un o fixen como crein conveniente para a mellor vida de cada cal, mais agora quero concedervos a todos unha gracia. Quen queira algo máis, que mo pida e llo concederei.



Enton un barullo estalou entre os animais. Todos foron pedindo algo, e a todos lles foi concedido. Foron pasando os grandes animais, a feras soberbias, a audaces aves de rapiña, os lentos e apacibles animais domésticos, as alegres aves paroleiras. Todalas

criaturas do señor foron pasando ata que chegou a abella. A abella foralle dado o privilexio de facer a doce mel. E Deus preguntoulle ¿ Que queres agora? Xa tes o mel, tesouro codiciado e ansiado polos homes. Si o desexas dareiche unha casa de ouro para que gardes ese mel.

¡Non, Señor! Contestou a abella .- Os homes ansiaran o mel e si esta gardada en casa de ouro, aínda maior será a súa ambición. Dame unha arma coa que ferir a o home si ven a coller o mel.

O mel será suficiente para ti e sobraré para o home – dixolle o Señor. – Pero sia así o desexas terás o que pides.

E no corpo da abella brotou o aguillon. E Deus para castigar o mal corazón da abella, dicen que dispuxo que unha vez que a abella clavase o aguillon, morrese.



E así ocorre cando a abella usa a súa arma contra o home.



Este conto está adicado a todos os nenos do mundo, especialmente a todos aqueles que padecen algún tipo de sufrimento, ben por enfermidade, maltrato, fame, guerras.

Os nenos só deberían de ter na súa cara un sorriso, un sorriso tan grande que fose capaz de ablandar ata o corazón máis duro dun ogro.

Fdo. Eva Álvarez Pérez

A VIDA, O BOTE DA MAIONESA E AS PELOTAS DE GOLF

É evidente que as prioridades na vida de cada un dependen de cada persoa. Aquilo o que para unha persoa é moi importante para outra pode que non sexa tan primordial.

Eu quería recordar a lección que impartiu un profesor de filosofía a os seus alumnos para suxerirles cales son realmente as cousas importantes da vida.



O sabio escomenzou a súa exposición vaciando un frasco de maionesa na súa mesa e procedeu a enchelo de pelotas de golf. A continuación, preguntoulle ao seu alumnado si miraban o frasco cheo. Todos dixeron que si.

O mestre tomou enton un puñado de canicas e meteunas meticulosamente no frasco. As boliñas encheron os buracos deixados polas pelotas de golf. Quixo saber, de novo si os estudantes consideraban que o frasco estaba cheo, e estes non tiveron máis remedio que repetir que sí.

Enton o mestre colleu unha caixa de area e vaciouna dentro do frasco. A area encheu os buracos que quedaban. E como non repetiu a pregunta, e os alumnos xa perplexos responderon: "Si Claro"

Non contento con isto, o erudito colleu dúas taciñas de café que foi derramando, pouco a pouco no interior do frasco e mentras todo se empapaba do liquido negro, os estudantes romperon a rir.



Apagadas as risas, o profesor lanzou a súa proclama: Este frasco representa a vida. As pelotas de golf son as cousas importantes, como a familia, os fillos a saude, os amigos, todo o que a cada un de nosoutros nos apasiona. Son cousas coas que ainda perdendo todo o demáis

as nosas vidas ainda estarian cheas. As canicas, como non, son as outras cousas que enchen a nosa existencia. Elixan as cousas que queiran: traballo, coche, casa, viaxes.... A area representa o resto. Poderíamos encher o frasco só de area, pero enton non quedaría sitio para as pelotas de golf e as canicas. Si gastamos o no noso tempo e a enerxía nas cousas pequenas, nunca teremos tempo para as cousas realmente importantes.

O maestro suxeriuulle a os seus alumnos que se preocupasen primeiro das cousas importantes, das pelotas de golf. "O resto é só area"
¿E que representan esa dúas tazas de café ? preguntou o típico estudante curioso. "Non importa cuán chea esté a tua vida, sempre haberá lugar e tempo para tomar un café con un amigo"

Hai persoas que encherían o frasco só de arena. E se trabucarían. Ou non. Cada un é libre de escoller as suas prioridades.

Fdo. Pablo Carballido Carballido




Actividades realizadas



Continuouse coa coordinación coas entidades de Cans, Picoña e San Xurxo para a finalización do sendeiro que recorre tódolos grupos de muíños, rematándose recentemente a espectacular pasarela que remonta o regueiro de Couso entre fervezas.



O Sábado, 19 de setembro, celebrouse a III Mallada de Couso coa presenza dun grupo de pandereteiras de Cans.



O venres, 2 de outubro, fixemos a esfollada do millo branco.



O Sábado, 14 de novembro, celebrouse San Martiño, no torreiro de San Martiño, con boa música, castañas e moita xente.



O domingo, 3 de xaneiro, tivo lugar o tradicional Festival de Nadal, recuperado despois dun ano no que non foi posible facelo. Acudiron tamén grupos da veciña parroquia de Picoña, aparte dos propios de Guláns.



A Asociación Veciñal A Malladoura, de Couso, organizou a celebración do 50 aniversario da chegada da luz a Couso cunha exposición de documentación do Grupo Sindical de Colonización, convertido despois en SAT, e de material eléctrico mostrando a súa evolución nestes 50 anos. Tamén tivo lugar o sábado, 9 de xaneiro, unha charla sobre enerxías renovables e aforro enerxético. Así mesmo colocouse no transformador unha pancarta conmemorativa.